



XUNTA
DE GALICIA

PREVENCIÓN
DA COVID-19
NO TRABALLO

OFICINAS DE EMPREGO

■
issga.xunta.gal

ANTES DE IR AO TRABALLO

- No **transporte colectivo ou compartido é obrigado** o uso de **máscara** e seguiranse as indicacións de mobilidade fixadas pola autoridade.
- **Non ir traballar con febre, tose, sensación de falta de aire e outros síntomas** considerados de **sospeita de infección** segundo o criterio clínico, ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.
- Identificar ao **persoal traballador especialmente sensible** e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.



DISTANCIA DE SEGURIDADE

- Evitar que se produzan **aglomeracións**, tanto fóra como dentro da oficina, mediante un axeitado control de aforo a través do **sistema de cita previa**.
- Fomentar a utilización dos **medios telemáticos dispoñibles**: Portal de Emprego, Oficina Virtual e aplicación Mobem.
- Nas actividades grupais presenciais (reunións, formación, etc.) **respectar a capacidade máxima** permitida na estancia.
- Empregar como medio ordinario o **teléfono ou o correo electrónico** entre o persoal presente nas oficinas.
- Manter sempre a **distancia de seguridade de 1,5 metros**, tanto entre o persoal traballador como coa cidadanía, en todas as zonas da oficina.
- Cando non sexa posible manter a distancia, garantirase a **adecuada ventilación** e demáis **medidas de prevención e hixiene**, nos postos de atención ao público poderanse instalar **pantallas de separación**.



MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- **Informar ao persoal** sobre as **medidas preventivas e de protección** adoptadas para a prevención da COVID-19 e sobre as súas obrigas, segundo as **indicacións da autoridade sanitaria** e do servizo de prevención.
- Comunicar mediante **carteis ou paneis informativos** as recomendacións da autoridade sanitaria para evitar a propagación e o contaxio.
- Avaliar a necesidade de **cambiar a disposición dos postos de traballo, organizar a circulación de persoas e redistribuír os distintos espazos** das oficinas (mobiliario, andeis, corredores, etc.).
- **Delimitar zonas** mediante sinalización vertical ou horizontal do chan utilizando vinilos, postes, etc. co obxecto de cumprir a distancia de seguridade.
- Ter **recollido por escrito** as medidas de ventilación, hixiene, limpeza e desinfección para cada centro.



HIXIENE, LIMPEZA E VENTILACIÓN

- Facilitar **dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida** para o uso do **público**.
- **É obrigado o uso de máscara** na oficina en todos os espazos comúns ou de uso colectivo ou en calquera outra dependencia na que estean varias persoas traballadoras ou cidadáns.
- **Dispoñer de produtos** para a hixiene de mans e para a limpeza e desinfección.
- **Evitar tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- **Cubrir as vías respiratorias** cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.
- **Evitar compartir** obxectos como equipos, dispositivos e material de oficina doutros traballadores e se non se pode evitar, hixienizalos previamente.
- Asegurar unha **limpeza e desinfección adecuadas** ás características e intensidade de uso dos **locais e espazos**.
- **Ventilar con máis frecuencia** os lugares de traballo, preferentemente de xeito natural. Asegurar a renovación de aire cando haxa sistemas de ventilación ou climatización e vixiar o correcto funcionamento e mantemento.



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña 981 182 329 issga.coruna@xunta.gal
Lugo 982 294 300 issga.lugo@xunta.gal
Ourense 988 386 395 issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra 886 218 101 issga.pontevedra@xunta.gal
Santiago 881 999 332 issga@xunta.gal